

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 6 de setembro de 2016, do órgano de selección designado para xulgar o proceso para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar da realización da fase única do proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o 6 de setembro de 2016, o órgano de selección nomeado pola resolución do 5 de setembro de 2016 para valorar o proceso selectivo para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, acordou, de conformidade co disposto no punto 9 das bases da convocatoria, que a primeira e a segunda parte da fase do proceso de selección terá lugar o 19 de setembro de 2016 nas dependencias da Axencia Galega de Innovación, Rúa Airas Nunes s/n Santiago de Compostela, en chamamento único, co horario que se detalla a continuación:

- Primeira parte: iniciárase ás 9.30 horas.
- Segunda parte: iniciárase ás 11.30 horas.

O aspirante deberá ir provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

A persoa admitida no proceso selectivo poderá solicitar para realizar a exposición, con carácter previo, a utilización de medios audiovisuais.

Santiago de Compostela, 6 setembro de 2016



Benito R. Fernández Rodríguez
Secretario do Órgano de Selección